

UNIDADE 10



ORGANIZACIÓN TERRITORIAL DE
ESPAÑA
ESPAÑA EN EUROPA E NO MUNDO

ORGANIZACIÓN TERRITORIAL DE ESPAÑA

- ◆ España = estado cunha organización político-administrativa en comunidades autónomas, provincias e municipios.
- ◆ Orixe do estado autonómico arrinca na Constitución de 1978 → recoñecemento e garantía ao dereito á autonomía das nacionalidades históricas (Cat, Eus e Gal; chamadas así por ser aprobado o seu estatuto na IIª República) e das rexións → recoñecemento de autogoberno e libre dirección de propios asuntos → descentralización.
- ◆ Características das CCAA:
 - a) Cada CCAA atópase rexida por un estatuto de autonomía (delimitación territorial, organización, competencias...) , aprobado polas Cortes.



b) As CCAA teñen competencias = funcións en diversos asuntos. As competencias poden ser:

📖 **Exclusivas:** das CCAA → políticas (organizar institucións de autogoberno), ec (agricultura, pesca,...), infraestructuras (obras públicas...), transportes (estradas, ferrocarril,...), urbanismo, vivenda, educación, sanidade...

📖 **Mixtas:** o Estado realiza a lexislación básica e as CCAA a súa aplicación. As CCAA poden ampliar as súas competencias entre as que non son consideradas exclusivas para o Estado.

📖 **Exclusivas do Estado:** materias esenciais para o Estado: relacións ext, defensa, inmigración,...

c) Institucións das CCAA:


🏛️ **Parlamento autonómico:** elixido por sufraxio universal.

🏛️ **Goberno:** dividido en consellerías, especializadas nas diferentes áreas de goberno.

🏛️ **Presidente:** cabeza do goberno, é elixido polo Parlamento e nomeado polo rei.

🏛️ **Tribunal Superior de Xustiza.**

Ademáis o goberno central nomea a un delegado do goberno para dirixir a administración do Estado en cada CCAA.



d) **Financiamento:** 2 tipos:

€ **Réxime común:** inclúe tributos cedidos polo Estado (33% IRPF, 33% IVE e entre 40 e 100% de outros tributos, coma electricidade e matriculación de vehículos), ingresos achegados polo Estado (financian competencias asumidas) e propios (patrimonio de cada CCAA).

€ **Réxime foral:** País Vasco e Navarra → financiación con todos os ingresos tributarios recadados no seu territorio pola súa propia administración fiscal e pactan (concertos e convenios) a cantidade que se lle paga ao Estado.

Para corrixir desequilibrios territoriais algunhas comunidades reciben ingresos procedentes do Fondo de Compensación Interterritorial e de Suficiencia

e) **CCAA divídense en provincias e municipios:**

✂ **Provincia:** entidade formada por unha agrupación de municipios. O seu órgano de goberno é a Deputación, que ten como misión fomentar os intereses provinciais e asegurar a prestación de servizos aos veciños: sumidoiros, pavimentación, recollida de lixo...

✂ **Municipio:** entidade básica de organización territorial do Estado. O seu órgano de goberno é o concello, rexido polo alcalde e os concelleiros. O municipio debe prestar servizos aos veciños: sumidoiros, recollida de lixo...

✂ **Canarias e Baleares:** manteñen unha organización local especial → cabidos (Canarias) e consellos insulares (Baleares).

A Constitución permite a creación de demarcacións submunicipais (parroquias) e supramunicipais (comarcas).

f) **O Estado das autonomías baséase na igualdade territorial e na soliedaridade** → Estado debe velar por equilibrio axeitado → pol rexionais → ↑ nivel de benestar.



UNIÓN EUROPEA: CONSTRUCCIÓN E ESTRUCTURA



1. O CAMIÑO CARA A INTEGRACIÓN EUROPEA.


A actual UE é resultado dun longo proceso de integración supranacional que se foi ampliando, etapas:

a) **Primeiros pasos:** inicio tras IIª Guerra Mundial → comezo construción europea para acabar coas rivalidades entre países, coordinar as súas ec e formar unha 3ª potencia mundial ante USA e URSS.

b) **Anos 50 e 60:** Tratados de París (1951) e Roma (1957) → integración ec:

€ Tratado de París:

creación da CECA (Comunidade Europea do Carbón e Aceiro) = mercado común europeo do carbón e aceiro integrado *por Rep Federal de Alemaña, Francia, Italia, Holanda, Bélxica e Luxemburgo* → **inicio da integración ec.**



€ **Tratado de Roma**: creación de **Euratom** (Comunidade Europea da Enerxía Atómica) e da **CEE** (Comunidade Económica Europea) → **mercado único** → **libre circulación de persoas, mercadorías, servizos e capitais** entre os seus membros (mesmos que na CECA); **pol común agraria** (PAC) e **coordinar pol económicas e sociais**.

- c) **Anos 70**: continuación construción europea (creación institucións para coordinar pol exterior e estabilidade monetaria) e **inicio ampliación**, con estados de similar nivel ec (*Dinamarca, Reino Unido e Irlanda*, 1973).
- d) **Anos 80**: **ampliación cara ao sur** → *Grecia* (1981) e *España e Portugal* (1986). Tamén entrou en vigor a **Acta Unica Europea** (1987) → substitución nome de CEE por CE (Comunidade Europea) e obxectivos:
 - ☺ **Reforma institucional**: ↑ poder do Parlamento Europeo, ata entón cámara consultiva sen forza nas súas resolucións.
 - ☺ **A plena integración ec nun mercado único para 1993**.
 - ☺ **Redución das diferenzas de desenvolvemento entre estados membros**, necesaria para bo funcionamento de mercado único → duplicación fondos estruturais para rexións + atrasadas.

e) Anos 90:

🏛️ **Tratado de Maastricht (1992)**: CE → UE (Unión Europea) e establecemento tres bases: **unión ec e monetaria (Euro)** e **avances en pol social, pol exterior de seguridade común (PESC) e cooperación en xustiza e asuntos do interior**.

🏛️ **Definitiva instauración mercado único** (1993).

🏛️ **Ampliación UE**: Suecia, Finlandia e Austria (1995).

🏛️ **Tratado de Amsterdam (1997)** → necesidade de lograr unha Europa + democrática e social + próxima aos cidadáns.

🏛️ **Axenda 2000**: obxectivos para S.XXI = **fortalecemento da Unión e a ampliación da UE** (condicións para ingreso: institucións estables que garantan democracia, Estado e dereito, dereitos humanos, economía de mercado en funcionamento...).

f) S.XXI:

€ **Tratado de Niza (2001)**: reformas institucionais para asegurar o funcionamento da Unión trala ampliación de 2004.


€ Posta en circulación **moeda única (2002): euro**.


€ **Ampliacións cara o leste**: 2004 (*Estonia, Letonia, Lituania, Polonia, Rep Checa, Eslovaquia, Hungría, Eslovenia, Malta e Chipre*), e 2007 (*Rumanía e Bulgaria*).

€ **Tratado de Roma (2004)**: establecía un **proxecto de Constitución para Europa** → necesidade de ratificación por estados membros por decisión Parlamentos nacionais ou referéndum → **rexuntamento en Francia e Holanda** (mai e xuño 2005).

€ **Tratado europeo de Lisboa (dec de 2007)**: **sustitúe á Constitución europea**, abandona forma de Constitución por unha **forma de tratado máis limitada**.

1957





2. ESTRUCTURA INSTITUCIONAL DA UE.

- As institucións fundamentais da UE foron modificadas polo Tratado de Niza e máis recentemente polo Tratado de Lisboa, co fin de garantir o funcionamento eficaz dunha UE de 27 membros.

 **Consello Europeo:** constituído por xefes de Estado e goberno e o presidente da Comisión Europea. Funcións: define liñas xerais política, ec e pol exterior. O tratado de Lisboa establece a creación do Presidente do Consello da UE (mal chamado Presidente de Europa) por un mandato de 2 anos e medio.

 **Consello de ministros:** ministros de A. Exteriores de países membros, aínda que para temas específicos asiste o ministro correspondente. A súa presidencia é semestral e rotatoria entre os estados membros (na actualidade España), o T de Lisboa establecerá unha presidencia compartida por tres estados durante 18 meses para asegurar continuidade. O nº de votos de cada Estado no Consello é proporcional ao seu volume demográfico. Funcións: executivas: decidir sobre leis propostas por Comisión e elaborar presuposto. As decisións adóptanse por unanimidade, maioría cualificada ou maioría simple, aínda que mantense o veto para as decisións + importantes.





 **Comisión Europea:** formada por presidente e comisarios cada un dos cales se ocupa dunha área da pol comunitaria. Funcións: propoñer as leis (iniciativa lexislativa), asegurar o cumprimento da lexislación e dos tratados e xestionar o presuposto. Sede: Bruselas.

 **Parlamento Europeo:** representa aos pobos da Unión. Elixido por sufraxio universal cada 5 anos e se reparten en función da pob do país (actualmente 732 deputados). No Parlamento están representadas as diferentes correntes políticas europeas (Partido Popular Europeo, Partido de Socialistas Europeos, Partido Liberal Europeo, Comunistas, Verdes,...). Funcións: ampliadas recentemente → lexislación comunitaria, control da Comisión e o Consello de Ministros e aproba e modifica os presupostos. Sedes: Estrasburgo e Bruselas.



 **Tribunal de Xustiza:** formada por un xuíz de cada país + un rotatorio, designados polos estados membros por 6 anos. Funcións: supervisar e garantir a aplicación dos tratados e resolver as disputas relativas ás leis comunitarias. Sede: Luxemburgo.

 **Tribunal de Contas:** comproba que a Unión invirte o seu diñeiro de acordo cos presupostos .

 **Comité Económico e Social:** funcións consultivas sobre leis e temas económicos e sociais.

 **Comité das Rexións:** obxectivo: respectar as identidades rexionais e de facelas participar na pol de Unión.

 **Banco Central Europeo**

 **Banco Europeo de Inversións:** concede préstamos a baixo interese e a longo prazo ás rexións menos favorecidas e países atrasados.





3. POSICIÓN DE ESPAÑA NO MUNDO


- ◆ Actualmente a posición de España no mundo pode resumirse nos seguintes puntos:
 - ☒ A súa superficie e a súa poboación → estado de tamaño medio e con considerable peso demográfico.
 - ☒ A súa características ec e soc → área xoeconómica dos países desenvolvidos cun caracter de potencia intermedia.
 - ☒ A súa posición xeoestratéxica nunha encrucillada de mares e continentes → liñas xeopolíticas prioritarias hacia o Mediterráneo, Norte de Africa, Europa e Atlántico.
 - ☒ Desde o punto de vista cultural vai adquirindo importancia no plano internacional.



1. ESPAÑA NAS ÁREAS XEOECONÓMICAS.

- Desde os anos 60 España potenciou o sector exterior da súa ec → + conectada ao exterior. Este feito apréciase na presenza de empresas multinacionais en España e na internacionalización de moitas empresas españolas, no ↑ do comercio exterior de mercadorías, no ↑ relacións financeiras co exterior, ou no alto grado de liberalización da súa ec fronte o gran intervencionismo de épocas anteriores...
- Na actualidade España = potencia intermedia en relación co centro do sistema capitalista mundial, debido a:
 - € Déficit do comercio exterior de mercadorías e tecnoloxía.
 - € Modestos investimentos exteriores españois fronte os investimentos estranxeiros en España.
 - € Valor total da súa ec → 8ª potencia ec mundial por PIB en 2008 (12ª en 2009), 30 por PIB per cápita.
- Ademáis do criterio ec, España colócase entre os países cun Índice de Desenvolvemento Humano alto (IDH). O IDH, medido pola ONU non só mide o crecemento ec, senón tamén a esperanza de vida e o nivel educativo → posto 13mundial, 6º da UE.





G-20 = un grupo de países formado en 1999 plos sete países máis industrializados (G-7), Rusia (G-7+1 o G-8), once países recentemente industrializados de todas as rexións do mundo, e a Unión Europea como bloque. É un foro de cooperación e consultas entre os países en temas relacionados co sistema financeiro internacional.



2. ESPAÑA NAS ÁREAS XEOPOLÍTICAS.

2.1 Participación nos organismos internacionais.

Desde 1975 incrementouse a participación española en grandes organizacións internacionais para a paz, o desenvolvemento ec, a defensa e a solidariedade:

🌐 ONU: Organización das Nacións Unidas. Os seus obxectivos son manter a paz e a seguridade mundial, defender os dereitos humanos e a libre determinación dos pobos; e promover a cooperación internacional en todos os ámbitos (ec, edu, saúde...).

Estructura da ONU:

➤ Asamblea Xeral: reúne a todos os membros, unha vez ao ano na se (Nova York) → aproba resolucións, decide admisións e expulsións de países membros, elabora presuposto da organización.

➤ Consello de Seguridade: órgano permanente e verdadeiro centro de poder da ONU → decide sancións, intervencións... Constituído polos 5 aliados vencedores da guerra (USA, URSS, GB, Francia e China) = membros permanentes con voz, voto e veto (posibilidade de anular resolucións) e 10 estados membros temporais (anualmente) e rotatorios con voz e voto → hexemonía dos grandes.

➤ Secretario Xeral: máximo representante e coordinador da organización → elixido pola Asamblea por mandatos de 5 anos.




➤ Organizacións especializadas en diversos asuntos:


\$ Económicas: FAO → ↑ produción alimentos, Banco Mundial → asistencia financeira a países subdesenvolvidos, FMI (Fondo Monetario Internacional) → estabilidade monetaria internacional e concede fondos a países subdesenvolvidos a cambio de duras pol de axuste ec, OMC (Organización Mundial do Comercio) → liberalización do comercio internacional.

☺ Sociais: OIT (Org Internacional do Traballo) → xustiza social e emprego, OMS (Organización Mundial da Saúde) → reducir mortalidade e aumentar esp de vida.


♪ Culturais: UNESCO → fomenta educación e cultura.

✌ Pacifistas: cascos azuis.





- 🌐 OCDE: Organización de Cooperación e Desenvolvemento Económico, formada por países que contan cun amplo nivel de benestar e desenvolvemento, co fin de favorecer expansión ec e comercio mundial.
- 🌐 Organizacións con fins defensivas:
 - ✦ OTAN: Organización do Tratado do Atlántico Norte → defensa político-militar, integrada por 19 países de ambos lados do Atlántico norte. O seu obxectivo é salvagardar paz, seguridade e estabilidade e benestar na área. España ingresou en 1982.
 - ✦ UEO: Unión Europea Occ → organización europea de carácter defensivo á que pertence España desde o seu ingreso na UE (1986).



🌐 ONGs (Organizacións non gubernamentais): constituídas por voluntariado que traballa en prol de solidariedade e desenvolvemento de persoas e pobos. Para obter fondos recorren aos medios de comunicación (prensa, radio, TV, Internet...). Algunhas fináncianse con contribucións dos estados, sen embargo, outros a rexeitan para actuar fóra de calquera presión pol → fins humanitarios (Medicos sen fronteiras), ambientais (Greenpeace) ou defensa democracia e dereitos humanos (Amnistía Internacional).



2.2 AS LIÑAS XEOPOLÍTICAS.

- A posición xeoestratéxica da península, nunha encrucillada entre 2 mares e 2 continentes → relacións:
 - a) Mediterráneo e Norte de África: Actualmente, a pol exterior española e da UE manteñen estreitas relacións co ámbito mediterráneo → cumios euromediterráneos nos que se reúnen os xefes de estado dos países ribereños → obxectivos. Fomentar cooperación ec, social e cultural e lograr a estabilidade pol da zona, prestando especial atención actualmente á inmigración á UE.
España mantén importantes relacións, sobre todo con Marrocos → roces: reclamación de Ceuta e Melilla, emigración marroquí a España, acordos de pesca, a independencia de Sahara Occ. A pesar disto, España e Marrocos manteñen importantes relacións comerciais, investimentos e construción de gaseodutos (para traer a España gas alxerino).
 - b) América latina: Actualmente España mantén importantes relacións que tratan de mellorarse e ampliarse:
 - © Relacións institucionais (viaxes da Casa real a América e de xefes de Estado latinoamericanos a España, participación nos cumios hispanoamericanos).
 - © Apoio á democratización de gobernos latinoamericanos.
 - © Desenvolvemento ec e social de América Latina, mediante apoio dos organismos de unión comercial en marcha (NAFTA e Mercosur), prestación de axudas ao desenvolvemento, ampliación de comercio e investimentos.
 - © Estreitamento relacións UE e América Latina → Cumios UE-América Latina-Caribe.

c) Europa: na actualidade a pertenza española á UE → ámbito co que se manteñen relacións ec, pol e culturais + estreitas.

2.3 AXUDA ESPAÑOLA AO DESENVOLVEMENTO.

- Axuda oficial para desenvolvemento (AOD) → trazos:

☺ Nos últimos catro anos duplicouse: pasando dun 0,25% do PIB en 2003 a 0,5% en 2007.

☺ Gran parte da axuda a través de créditos FAD (Fondos de Axuda para o Desenvolvemento), condicionados á adquisición polo receptor de bens e servizos españois.

☺ Os principais receptores son os países + atrasados, o que encobre un desexo de expansión das empresas españolas

